



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [adl@concellocarballedo.es](mailto:adl@concellocarballedo.es) [info@concellocarballedo.es](mailto:info@concellocarballedo.es)

### **DECRETO.-**

**Asunto: Bases e convocatoria ao para a selección de 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN-CONDUCTOR e 3 PEÓNS DE BRIGADA, para súa contratación como persoal laboral temporal por un período de tres meses, ao abeiro do “Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Carballedo, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020”, mediante a actuación de medios de prevención e defensa.- ANO 2023.-**

Sendo necesario proceder á contratación laboral temporal dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Carballedo, composta por 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN-CONDUCTOR E 3 PEÓNS DE BRIGADA, ao abeiro do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Carballedo para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais, mediante a actuación de medios de prevención e defensa, por un período de 3 meses.

Considerando a necesidade de proceder á maior urxencia á dita contratación para a cobertura inmediata do servizo.

Considerando a conveniencia de aprobar o expediente por avocación de competencias, atendendo aos prazos de xustificación das axudas outorgadas, e conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal, polo presente,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Avocar as competencias previamente delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local para o presente acordo, e aprobar as bases segundo o anexo que se acompaña á presente resolución, así como a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal de 1 xefe de brigada, 1 peón-conductor e 3 peóns de brigada para compoñer a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Carballedo, para o ano 2023.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto con cargo ás partidas correspondentes do vixente orzamento municipal.

**TERCEIRO.-** Publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballedo un anuncio indicativo deste procedemento de selección, así como o texto íntegro das bases que rexerán a convocatoria.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,  
O Alcalde en funcións, D. Julio Manuel Yebra-Pimentel Blanco  
O Secretario, D. Fernando Torre Comesaña





## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [adi@concellocarballedo.es](mailto:adi@concellocarballedo.es) [info@concellocarballedo.es](mailto:info@concellocarballedo.es)

### “ ANEXO :

## BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CARBALLEDO COMPOSTA POR 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN- CONDUCTOR E 3 PEÓNS DE BRIGADA.- ANO 2023.-

### 1. OBXECTO DO CONTRATO.-

O obxecto das presentes bases é regula-la contratación laboral temporal dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Carballedo para o Ano 2023, composta por 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN-CONDUCTOR E 3 PEÓNS DE BRIGADA, no marco do “*Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Carballedo, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de Prevención e Defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.*”

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

Respecto á xornada de traballo, as persoas que compoñen a brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade da brigada, con plena dispoñibilidade, incluíndo os traballos en domingos, festivos nacionais e autonómicos, e festas locais, así como as quendas de noite necesarias. As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

1. Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.

2. Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

### 2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

#### **2.1 Requisitos xerais:**

**a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado**, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

**b) Ter cumpridos os dezaoto anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.**

**c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.**

**d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario** do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

**e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade** de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.





## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [adl@concellocarballedo.es](mailto:adl@concellocarballedo.es) [info@concellocarballedo.es](mailto:info@concellocarballedo.es)

### 2.2 Requisitos específicos:

#### A) XEFE DE BRIGADA:

- **Estar en posesión dalgunhas das seguintes titulacións:** Enxeñaría de montes, Enxeñaría técnica forestal, Técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, Técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, Técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- **Posuír o Permiso de conducir tipo B**

#### B) PEÓN-CONDUCTOR

- **Posuír o Permiso de conducir tipo B**

### 3. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

O Concello de Carballedo realizará a selección en función da puntuación obtida a través do sistema de concurso-oposición, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases, e a proba selectiva.

As solicitudes para participar no proceso selectivo formalizaranse no modelo de **instancia (Anexo I)** que se xunta a estas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, durante o **prazo de TRES DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases na páxina web do Concello de Carballedo, <http://www.concellocarballedo.es> no apartado Áreas de Interese – Oferta de Emprego, sendo o horario de presentación de documentación nas oficinas municipais: de luns a venres: 9:00 a 14:00 h.**

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, é obrigatorio que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por correo electrónico ao e-mail [adl@concellocarballedo.es](mailto:adl@concellocarballedo.es), copia completa da solicitude con toda a documentación e méritos alegados, para que quede constancia dos méritos que se presentan en prazo.

#### Xunto coa instancia (Anexo I) deberá achegarse a seguinte documentación (en fotocopia):

- **Fotocopia do DNI.**
- **Fotocopia do Permiso de conducir tipo B.**
- **Fotocopia do título,** ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza (antes da finalización do prazo para a presentación de instancias).
- **Acreditación dos méritos baremables conforme aos criterios de selección** establecidos nas presentes bases, mediante copias dos certificados ou títulos válidos para a acreditación dos mesmos.
- **Anexo II: DECLARACIÓN XURADA, que contén:**
  - Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario** do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial,
  - Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade,**
  - Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo,** así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no convenio asinado coa Consellería de Medio Rural, en virtude do cal se realizarán as contratacións.

Coa presentación da instancia entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.





## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [adl@concellocarballedo.es](mailto:adl@concellocarballedo.es) [info@concellocarballedo.es](mailto:info@concellocarballedo.es)

### 4. DURACIÓN E MODALIDADE DO CONTRATO.-

Por mor da recente entrada en vigor do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e con base na disposición adicional quinta do mencionado Real decreto-lei, ao tratarse da execución dun programa de actuación de carácter temporal, financiado con fondos da Unión Europea, e indispensables para constituír as brigadas municipais e para realizar os traballos preventivos mecanizados que se contemplan nos convenios.

As ditas contratacións deberán conter expresamente no seu clausulado que os ditos contratos están vinculados ao convenio suscrito coa Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia, para colaborar no desenvolvemento das accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023, que está cofinanciado polo Feader dentro da submedida 8.3 “Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes” do Programa de desenvolvemento rural PDR) 2014-2020.

O contrato será de duración determinada, de tres meses de duración, a tempo completo. Respecto á xornada de traballo, as persoas que compoñen a brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade da brigada, con plena dispoñibilidade, incluíndo os traballos en domingos, festivos nacionais e autonómicos, e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

### 5. CRITERIOS DE SELECCIÓN.-

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos e fase de oposición (exercicio tipo test), que se poderá realizar nun único acto.

#### FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS.- Puntuación máxima: 7 PUNTOS.

- A selección por concurso de méritos farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

#### **I Por experiencia profesional: traballos realizados no mesmo posto e categoría. (MÁXIMO 3 puntos)**

a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira: 0,20 puntos/mes; acreditarse mediante certificación da Administración correspondente ou copia do/s contrato/s, ou vida laboral.

b) Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ó que aspira na empresa privada: 0,10 puntos/mes; certificación da Empresa ou copia do/s contrato/s, ou vida laboral.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

#### **II. Formación previa. Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios. (Ata un MÁXIMO de 2,5 puntos)**

Con duración de ata 30 horas..... 0,10 puntos cada un.

Con duración de 31 a 100 horas..... 0,20 puntos cada un.

Con duración superior a 100 horas...0,50 puntos cada un.

**III. Por acreditar o coñecemento da lingua galega, MÁXIMO 1 PUNTO**, a nivel de iniciación ou perfeccionamento: 0,50 e 1 punto, tendo en conta que só puntuará un deles, o de maior puntuación.

**IV. Por dispor de mais permisos de conducir: MÁXIMO 0,50 PUNTOS.** 0,25 puntos por cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.





## **CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)**

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [adl@concellocarballo.es](mailto:adl@concellocarballo.es) [info@concellocarballo.es](mailto:info@concellocarballo.es)

### **FASE DE OPOSICIÓN (EXERCICIO TIPO TEST).- Puntuación máxima: 20 puntos.**

**Será obrigatoria e eliminatoria, e consistirá na realización dun exame por escrito (tipo test), sendo a materia obxecto de exame o temario contido no Anexo III.-Temario, das presentes bases. Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo, de 1 hora.**

**O exame valorarase cunha puntuación máxima de 20 puntos, sendo necesario acadala puntuación mínima de 10 puntos para superar esta fase de oposición e non quedar excluído/a do procedemento de selección.**

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida na fase de oposición. Se continua o empate acudirase ó sorteo público entre os aspirantes.

### **6. TRIBUNAL SELECCIONADOR.-**

6ª.1.- Os Tribunais das distintas probas selectivas designaranse de conformidade ó estipulado no artigo 60 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 4 do RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se aproban as Regras Básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos Funcionarios da Administración Local, e a súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade de todos os membros e determinarase nas bases específicas de cada unha das convocatorias. A designación nominal dos membros do tribunal incluírá a dos respectivos suplentes e farase pública nas mesmas resolucións da alcaldía polas que se aproben as listas provisionais ou definitivas de aspirantes admitidos e excluídos a cada proceso selectivo, a través de anuncio no taboleiro do concello.

6ª.2.- Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público, ou realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

6ª.3.- O Presidente poderá esixir dos membros do Tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no apartado anterior. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran ditas circunstancias.

6ª.4 O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza alomenos de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou de quen legalmente os substitúa.

6ª.5 Todos os membros dos tribunais cualificadores que se formen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto, agás o secretario que actuará con voz e sen voto.

6ª.6. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se debe de facer nos casos non previstos.

6ª.7 O Tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes. Os devanditos asesores actuarán con voz e sen voto, e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas que fixeron necesaria ou conveniente a súa colaboración co respectivo tribunal.

6ª.8 As decisións dos tribunais cualificadores adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

### **7. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-**

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón), en dita resolución fixarase a data e hora para a realización da fase de concurso e da fase de oposición, para xeral coñecemento das persoas aspirantes.

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará –no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as e o exercicio tipo test da fase de oposición, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.





## CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [adl@concellocarballo.es](mailto:adl@concellocarballo.es) [info@concellocarballo.es](mailto:info@concellocarballo.es)

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45.b da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello. O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro do Concello.

O persoal seleccionado estará obrigado a realizar, antes da súa contratación, un **recoñecemento médico e unha proba física de esforzo**, así como un **curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas** que será impartido por persoal competente na materia, nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Carballo.

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo, ou ben a non realización do referido curso, será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

### **8. BOLSA DE TRABALLO.-**

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirán a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2023.

### **9. CONTRATACIÓN.-**

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

En calquera momento do proceso selectivo, os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal de selección para que presenten documentación orixinal, para podela cotexar coas fotocopias que acompañaron coa instancia.

### **10. RETRIBUCIÓN.-**

O salario bruto mensual, por todos os conceptos retributivos incluído o prorrateo das extras, será o seguinte: Segundo o Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural.

### **11. RECURSOS.-**

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste proceso.





## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [adl@concellocarballedo.es](mailto:adl@concellocarballedo.es) [info@concellocarballedo.es](mailto:info@concellocarballedo.es)

### ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA.

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS E FASE DE OPOSICIÓN ÁS PRAZAS DE: 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN-CONDUCTOR E 3 PEÓNS DE BRIGADA, DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

#### DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO: .....

SEGUNDO APELIDO: .....

NOME: ..... DNI: .....

TELÉFONO PARTICULAR: .....

TELÉFONO MÓBIL: .....

DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS: .....

.....

MUNICIPIO E PROVINCIA: ..... CÓDIGO POSTAL: .....

CORREO ELECTRÓNICO: .....

#### DECLARO:

- 1) Que coñezo na súa integridade as bases que rexen esta convocatoria.
- 2) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.
- 3) Que autorizo ó Concello de Carballedo para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**SOLICITO:** Ser admitido no proceso selectivo achegando ao presente escrito os méritos para seren valorados.

**PRAZA A QUE ME PRESENTO:** .....

En Carballedo, a ..... de ..... de 2023.

Asdo.: .....

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

- **Anexo I : Modelo de Instancia.**
- **Anexo II: Declaración xurada.**
- **Fotocopia do DNI.**
- **Fotocopia do Permiso de conducir tipo B.**
- **Fotocopia da Tarxeta co número de afiliación á Seguridade Social.**
- **Fotocopia do título esixido, de ser o caso.**
- **Acreditación dos méritos baremables conforme aos criterios de selección establecidos.**

---



---



---



---



---

(no caso de ser necesario continuarase en folla aparte enunciando a documentación que se achegue)

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)**





# CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [adl@concellocarballo.es](mailto:adl@concellocarballo.es) [info@concellocarballo.es](mailto:info@concellocarballo.es)

## Anexo II.- DECLARACIÓN XURADA.-

D/Dª....., con DNI nº ..... e domicilio a efectos de notificación en ..... en relación as bases aprobadas polo Concello de Carballo para a selección de un traballador para o posto de .....  
como persoal laboral temporal,

### Declaro baixo xuramento:

- Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órgano constitucional ou estatutario da Comunidade Autónoma.
- Que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial.
- Que non me atopo incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Que non padezo enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo, así como que reúno as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo.

Carballo, ..... de ..... de 2023.

Asdo.: .....





## CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeño, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: [adl@concellocarballo.es](mailto:adl@concellocarballo.es) [info@concellocarballo.es](mailto:info@concellocarballo.es)

### ANEXO III.- TEMARIO PARA A FASE DE OPOSICIÓN.-

#### TEMARIO PARA A PRAZA DE XEFE DE BRIGADA:

- Tema 1.- A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e Deberes fundamentais dos españois. Principios reitores da política social e económica. Garantías dos dereitos e liberdades.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Tema 3.- Organización territorial do Estado e as competencias municipais.
- Tema 4.- O procedemento administrativo na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Tema 5.- O municipio de Carballo. Termo municipal.
- Tema 6.- Poboación do municipio de Carballo. Estrutura poboacional.
- Tema 7.- Datos de interese do Municipio de Carballo.
- Tema 8.- Distribución xeográfica e parroquial do municipio de Carballo.
- Tema 9.- Materiais, útiles e ferramentas utilizadas na prevención e extinción de incendios.
- Tema 10.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable nas tarefas de prevención e extinción de incendios. Equipos de protección individual.
- Tema 11.- Traballo en Brigadas de prevención e extinción de incendios.
- Tema 12.- O PLADIGA (Plan de Defensa contra Incendios forestais de Galicia).
- Tema 13.- Zonificación do territorio nos distritos forestais.
- Tema 14.- Xerarquía dentro do distrito forestal.
- Tema 15.- Mantemento de ferramentas e útiles de traballo.
- Tema 16.- O uso da desbrozadora e da motoserra.
- Tema 17.- Funcións do Xefe de Brigada na prevención e extinción de incendios.
- Tema 18.- O comportamento do lume. O incendio forestal: propagación e extinción.
- Tema 19.- Métodos de ataque contra os incendios; o cortalume; a liña de control.
- Tema 20.- Técnicas de liquidación de incendios; etapas da liquidación.

#### TEMARIO para a praza de PEÓN-CONDUTOR, e para as prazas (3) de PEÓN DE BRIGADA:

- Tema 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.
- Tema 2.- A Organización municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- Tema 3.- O municipio de Carballo. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.
- Tema 4.- Materiais, útiles e ferramentas utilizadas na prevención e extinción de incendios.
- Tema 5.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable nas tarefas de prevención e extinción de incendios. Equipos de protección individual.
- Tema 6.- Traballo en Brigadas para a prevención e extinción de incendios.
- Tema 7.- Funcións do Peón-condutor e do Peón de Brigada no Servizo de prevención e extinción de incendios.
- Tema 8.- Mantemento de ferramentas e útiles de traballo.
- Tema 9.- O uso da desbrozadora e da motoserra.
- Tema 10.- O comportamento do lume. Extinción de incendios forestais. ”.

